

O Concello de Boqueixón contrata unha persoa nova como xardineiro/a grazas a unha subvención de Garantía Xuvenil.

O Concello de Boqueixón vén de incorporar ao seu persoal a unha persoa moza para realizar tarefas de xardinaría, ao abeiro dunha subvención destinada á contratación de persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Esta axuda concédese ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións dos procedementos TR350E e TR349Z, destinadas á contratación de persoas mozas en colaboración con entidades locais.

A contratación, correspondente ao expediente TR350E-2025-00000077-00, terá unha duración de nove meses e realizarase cunha xornada laboral do 100%, enmarcándose nas accións do Concello para fomentar o emprego xuvenil e reforzar os servizos públicos municipais.

A contía da subvención concedida ascende a 16.380,09 euros, correspondente ao seguinte posto:

- Ocupación: Xardineiro/a
- Grupo de cotización: 7
- CNO: 6120
- Duración do contrato: 9 meses
- Xornada: Completa (100%)
- Importe subvención: 16.380,09 €

Esta actuación forma parte do compromiso do Concello por impulsar oportunidades laborais para a mocidade e mellorar ao mesmo tempo os espazos verdes e servizos municipais.



Concello de Boqueixón